



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O CURSO 2023-24

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou no DOG do venres 19 de maio de 2023 a ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a **participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en Educación Secundaria Obrigatoria** en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2023/24.

Para poder acollerse ás axudas da convocatoria deben cumprir coas bases da mesma, sendo as máis estritas as seguintes:

- **Ter unha renda per cápita da unidade familiar referida ao exercicio fiscal 2021, polo menos, igual ou inferior a 10.000€.**
- **Devolver os libros de texto recibidos do fondo solidario no curso 2022/23, cando se lles indique¹.**

Os **ANEXOS I e II** son os que deben cubrir para poder solicitar a participación no fondo solidario, os cales estarán dispoñibles en:

1. Na páxina web (<http://www.iesxesusaboada.chivite.org>) entrando dende a pantalla principal en Fondo Libros. Aí poderá facer a descarga da solicitude que inclúe xa os dous ANEXOS.
2. Aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>)
3. <https://sede.xunta.gal>
4. **Secretaría do centro.**

A entrega da **SOLICITUDE-ANEXOS** (única para todos os irmás do centro e que cursen ESO) pode facela dos seguintes xeitos:

- a) Aplicación informática “fondolibros”. (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) Se optase por este medio, será necesario a presentación **dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.**
- b) Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> empregando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- c) Na secretaría do centro no día e hora que figura neste documento, para cada curso, acompañando a solicitude da seguinte documentación, **que reflecta a situación familiar a 31 de decembro de 2021.**
 - Copia do libro de familia ou equivalente onde figure o alumno e os demais membros da familia ou no seu defecto e de xeito excepcional certificado de convivencia ou informe dos Servizos Sociais do concello.
 - En caso de separación ou divorcio, deberán presentar a correspondente sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
 - Documentación excepcional de darse algunha das seguintes situacións: discapacidade do alumno ou algún membro computable, situación de violencia de xénero, acollida nun centro de menores, certificado de convivencia no caso de que os responsables carezan de DNI ou NIE e informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

¹ Os libros serán entregados aos/ás titores/as o **día 19 de xuño** de 2023 nas horas de titoría.

**ENTREGA DE SOLICITUDES NO CENTRO SE OPTAN POLA VÍA PRESENCIAL E NON POLA RECOMENDADA (TELEMÁTICA)**

LUNS 29 MAIO	MARTES 30 MAIO	MÉRCORES 31 MAIO
8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30
1º ESO A	1º ESO B	1º ESO C

XUÑO					
XOVES 1	VENRES 2	LUNS 5	MARTES 6	MÉRCORES 7	XOVES 8
8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30
2º ESO A	2º ESO B	2º ESO C	2º ESO D	3º ESO A	3º ESO B
VENRES 9	LUNS 12 XUÑO	MARTES 13 XUÑO	MÉRCORES 14 XUÑO	XOVES 15 XUÑO	VENRES 16 XUÑO
8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30	8:30-14:30
3º ESO C e D	COLEXIO AMARO De: Alonso Benedicto ata Días Álvarez	COLEXIO AMARO De: Domínguez Vela ata López Álves	COLEXIO AMARO De: Lorenzo Rodríguez ata Yáñez Suárez	COLEXIO PRINCESA De: Anjos da Concepción ata Fernández Balboa	COLEXIO PRINCESA De: Huertas Villada ata Silva Piñeiro

Ante calquera imposibilidade de presentación de solicitudes nos días e horas establecidos anteriormente deberán concertar **cita previa no teléfono 988685070**.

Se cumpren cos requisitos da ORDE e non fan entrega da solicitude no prazo correspondente, non poderán acollerse de ningún xeito á axuda en ningún momento posterior.

Se queren consultar a ORDE poden facelo a través do portal web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>) ou a través da web do centro (<http://www.iesxesustaboadachivite.org>)



CALENDARIO DE ACTUACIONES

Fondo solidario libros de texto e material escolar

1. Presentación de solicitudes (Anexo I e II): **do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023**. É aconsellable que, por motivos organizativos, entreguen a solicitude de participación no fondo solidario de libros de texto e material escolar **antes do día 21 de xuño**.
2. Publicación de listaxes provisionais: **12 de xullo de 2023**.
3. Período de reclamación ás listaxes provisionais: os días **13 e 14 de xullo de 2023**.
4. Publicación da listaxe actualizada tras reclamacións: 17 de xullo de 2023.
5. Entrega de vales para adquisición de material escolar: a partir do 27 de xullo de 2023.
6. Publicación de listaxes definitivas o **26 de xullo de 2023**.



CONSULTA DE DATOS POLA ADMINISTRACIÓN

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- A) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- B) DNI ou NIE da persoa representante do/da solicitante.
- C) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2021 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- D) Certificado de grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia da persoa solicitante e do resto de membros computables da unidade familiar, de ser o caso.
- E) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou superior ao 33% da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso).

En ambos casos, a data de referencia é o **31 de decembro de 2021** agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (Anexo I) e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II) e achegar documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

A solicitude debe estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto recibidos do fondo solidario.